

## ACTIVIDADES PARA FINALIZAR OS PROXECTOS

### CURSO 2019/2020

#### FOTOGRAFÍA (PRAZO 30 DE ABRIL)

A actividade titúlase “**Fotografía con arte**”. Moitos de vós xa mandáchedes a vosa aportación imitando cadros, pero a pesares de que é unha actividade voluntaria, anímovos a que participedes xa que a través delas trabállanse as competencias.

As mestras e mestres quixemos agasallarvos coas nosas propias fotografías artísticas. Podedes velas na web do centro.

<https://drive.google.com/file/d/13VtmEFjHgt990vqAjpW6GkF3H68jGtDI/view?usp=sharing>

#### RADIO ESCOLAR (PRAZO 10 DE MAIO)

A actividade para desenvolver este proxecto vai ser facer un “**Audio libro**”.

Esta actividade **consiste en gravar un audio** contando un conto ben sexa lido ou inventado.

Cando mandedes esta actividade, para que non se mezcle coa do día do libro, poñede en **ASUNTO: RADIO ESCOLAR**. *(para diferenciar)*

#### PRENSA SOFÁN (PRAZO 10 DE MAIO)

Estamos argallando sacar unha edición especial no SOFÁN NEWS, e para iso preciso da vosa axuda.

Xa fixemos unha actividade practicamente igual ao principio do confinamento, pero visual (o vídeo de como estades pasando estes días), agora o que se vos pide é unha pequena **redacción de como estades levando este período ou ben un debuxo** que o plasme.

En **ASUNTO: PRENSA SOFÁN**

Agardo que vos animedes tod@s .

Un saúdo e ánimo.